

Hoxe máis que nunca, a cidade, grande ou pequena, dispón de incontables posibilidades educadoras, pero tamén pode incidir nela forzas e inercias deseducadoras. Dunha forma ou doutra, a cidade presenta elementos importantes para unha formación integral: é un sistema complexo e, pola súa vez, un axente educativo permanente, plural e poliédrico, capaz de contrarrestar os factores deseducativos.

### **Preámbulo da Carta de Cidades Educadoras**

Xénova, 2004

## **– 2 – NADAL 2005**

ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE CIDADES EDUCADORAS

Unha nova ocasión para o encontro entre as persoas son as festas de Nadal, as datas que moitos esperamos porque nos permiten xuntarnos con máis vagar, disfrutar con moitas das cousas que ao longo do ano se nos escapan e exercer a solidariedade naqueles ámbitos que máis o necesitan. Remata un ano que, no colectivo, resultou unha vez máis moi satisfactorio, tendo recibido un novo recoñecemento á nosa historia como cidade: o primeiro premio Cidade Patrimonio da Humanidade 2005 do Ministerio de Cultura, pola seu labor constante na conservación e rehabilitación do casco histórico.

E no eido formativo sintome moi satisfeito coa asunción e difusión da Carta de Cidades Educadoras, da que recomendo a súa lectura, donde se recollen os principios básicos para o impulso educativo das cidades na educación e na cultura.

O Nadal é un bo momento para a reflexión, o encontro e a definición de novas metas. As familias, nesta época, teñen un protagonismo especial porque arredor deste tempo de lecer, podemos estreitar lazos entre as persoas, reforzar a nosa convivencia e compartir moitas preocupacións e ilusións.

O concello de Santiago organiza, especialmente para os máis pequenos, un amplo programa de actividades que quere complementar o tempo de descanso dunha maneira educadora, promovendo un espazo de relación entre iguais, onde ides poder gozar. Convídoos a que fagades da participación unha das motivacións da vosa vida cotiá.

Recíbide a miña felicitación e o desexo dun ano ventureiro.

XOSÉ A. SÁNCHEZBUGALLO

Alcalde de Santiago de Compostela

## **o alcalde – 3 – NADAL 2005**

Primeiro accésit: Juan Connolly Pérez, 10 anos, Colexio A Inmaculada

### **ÍNDICE**

1. Entrega de premios do concurso de carteis e do programa de Nadal 2005 . . . . . 9
2. Actuación musical infantil con Mamacabra . . . . . 13
3. “Deseñadores para un mito. Homenaxe a Toulouse Lautrec” . . . 14
4. Exposición dos carteis premiados e finalistas de 2005 . . . . . 15

5. Rede de Centros Socioculturais do Concello de Santiago: programa de actividades . . . . .	16
6. VI Concurso de Beléns . . . . .	17
7. Nadalxogo 2005. Actividades e talleres no Multiusos "Fontes do Sar" . . . . .	18
Espazo para os máis pequenos . . . . .	18
Actividades lúdico-recreativas . . . . .	18
Obradoiros . . . . .	19
Actividades deportivas . . . . .	19
Espazo Infantil . . . . .	19
Salón do libro infantil e xuvenil . . . . .	19
Xabarín Club . . . . .	20
8. Festival de corais de Santiago: "Cancións do Nadal" . . . . .	21
9. Festa Solidaria . . . . .	22
10. Premios Vagalume. Acto de recoñecemento dos galardoados . . . . .	23
11. Ofrenda ao Apóstolo Santiago . . . . .	24
12. Obradoiros de Nadal na Escola Infantil Municipal de Conxo . . . . .	25
13. Auditorio de Galicia . . . . .	26
14. Teatro Principal . . . . .	27
15. Escola Municipal de Música de Santiago . . . . .	29
16. Cabalgata de Reis . . . . .	30

## índice – 5 – NADAL 2005

Segundo accésit: Laura Rial Pena, 11 anos  
CEIP A. Casas Novoa Tomás Agustín Tubán Prego, 10 anos  
Germán Vázquez Rodríguez, 11 anos

Terceiro accésit: Ana Mª Fandiño Argibay, 11 anos, CEIP Colexiata de Sar

# 1. ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE CARTEIS E DO PROGRAMA DE NADAL 2005

**DATA:** Venres, 16 de decembro de 2005

**LUGAR:** Salón Nobre do Concello de Santiago

**HORA:** 11:30 h

Este acto é o resultado do concurso convocado, coma todos os anos, entre os escolares de educación infantil e primaria do municipio de Santiago.

É unha actividade que converte a un grupo de mozos e mozas en ilustradores e deseñadores, en auténticos protagonistas dunhas datas de significación tan especial. No Nadal, os mellores publicistas son os nenos e nenas, contribuíndo coa súa expresividade plástica, a dar unha imaxe creativa a estas festas.

O Alcalde de Santiago, en nome da Corporación Municipal, fará entrega dos premios aos gañadores do Concurso.

## premios – 9 – NADAL 2005

- EI MUNICIPAL DE CONXO
- EI DOLORES RAMOS
- CEIP RAÍÑA FABIOLA
- CEIP APÓSTOLO SANTIAGO
- CEIP COLEXIATA DE SAR
- CEIP FONTIÑAS
- CEIP LAMAS DE ABADE
- CEIP MONTE DOS POSTES
- CEIP PÍO XII
- CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA
- CEIP QUIROGA PALACIOS

- CEIP RAÍÑA FABIOLA
- CEIP RAMÓN CABANILLAS
- CEIP RODRÍGUEZ XIXIREI
- CEIP ROXOSVILLESTRO
- CEIP VITE
- C. A MIRAGROSA
- C. A INMACULADA
- C. DIVINO MESTRE
- C. NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS
- C. SAN PAIO
- C. VILAS ALBORADA
- C. XUVENTUDE
- C. MANUEL PELETEIRO

## COLEXIOS PARTICIPANTES NO CONCURSO EDICIÓN 2005

### ACTA DO CONCURSO DE CARTEIS E DO PROGRAMA DO NADAL 2005

Logo da convocatoria do Departamento de Educación e Mocidade deste Concello, para os efectos de elixir os premios do Concurso de Carteis e do Programa de Nadal 2005, reúnense no Salón Verde do Concello de Santiago os seguintes membros do xurado:

Elvira Cienfuegos López (Concelleira de Educación e Mocidade do Concello de Santiago de Compostela), Óscar Villán (Ilustrador), David Rey Pemas (de 5º de educación primaria do CEIP Arquitecto Casas Novoa), Borja Pazos Conde (de 6º de educación primaria do CEIP de Roxos), Santiago Baleato Peón (de 6º de educación primaria do CEIP Colexiata de Sar), Inés Dono Martín (de 5º de educación primaria do CEIP Lamas de Abade), Alejandro Regueiro Ares (de 4º de educación primaria do C. Santa Apolonia), Estefanía Guada Sousa (de 6º de educación primaria do C. San Paio), Xosé Manuel Rodríguez -Abella Gómez (Xefe do Servizo do Departamento de Educación e Mocidade. Concello de Santiago), Beatriz Varela Morales (Técnica do Departamento de Educación. Concello de Santiago), Sendo as 9:30 horas do 1 de decembro de 2005, ábrese o turno de intervencións para que os representantes antes reseñados expoñan os seus criterios con respecto aos carteis presentados ao concurso.

Logo das oportunas deliberacións, resultan elixidos os seguintes carteis:

#### PREMIADOS

? **O terceiro premio** é para os alumnos/as de 2 e 3 anos, da Escola Infantil Raiola.

? **Como segundo premio**, resulta elixido o cartel dos alumnos/as do Obradoiro de Arte da Escola Infantil de Conxo.

? **O Cartel gañador** é o presentado por Martín López Prego, de 5 anos, do C. Vilas Alborada.

**Atendendo á calidade dos traballos presentados concédense os seguintes accesits:**

? **Primeiro accesit:** Juan Connolly Pérez, de 10 anos, do C. A Inmaculada.

? **Segundo accesit:** Laura Rial Pena, Tomás Agustín Tubán Prego e Germán Vázquez Rodríguez, de 11 anos, do CEIP A. Casas Novoa.

? **Terceiro accesit:** Ana Mª Fandiño Argibay, de 11 anos, do CEIP Colexiata de Sar.

premios – 10 – NADAL 2005

finalistas – 11 – NADAL 2005

Erika Brenlla Carballo, 11 anos.  
6º Curso, CEIP Ramón Cabanillas

**EOS ALUMNOS E ALUMNAS FINALISTAS DESTE CONCURSO QUE SON:**

#### NOME IDADE CENTRO

Cristopher Bugallo 11 anos C. Nosa Sra. dos Remedios  
Carlos Barba Iglesias 5 anos CEIP Raíña Fabiola  
Erika Brenlla Carballo 11 anos CEIP Ramón Cabanillas

Brais Doval Pazos 11 anos CEIP Roxos-Villestro  
Antía Parceró Suárez 10 anos CEIP Monte dos Postes  
Víctor Iglesias Noya 9 anos  
Lucía Grela Figueiras 8 anos C. A Miragrosa  
Lucía Pastrana García 9 anos  
Xoel Soribas 9 anos CEIP Fontiñas  
Lara Barbeito Figueira 3 anos CEIP Quiroga Palacios  
Estefanía Guada S ousa C. San Paio  
Antía Vázquez Franqueiro 5 anos C. Xuventude  
Estefanía Raña Mirás 3 anos CEIP Pío XII  
Uxía Jorge Pombo 6 anos CEIP Lamas de Abade  
Juan Blanco Silva 5 anos EI Dolores Ramos -Peleteiro  
5 anos CEIP Monte dos Postes  
Marta Martínez Santomil 7 anos CEIP Roxos-Villestro  
David Liste Vázquez 9 anos CEIP Vite  
Adrián Torres Preseno 5 anos CEIP Vite  
Escolares de educ. infantil 2/3 anos EI Municipal de Conxo  
Irene Rodríguez Álvarez 6 anos C. Vilas Alborada  
4 anos CEIP Monte dos Postes  
Ismael Vázquez Guerra 6 anos CEIP Ramón Cabanillas  
Escolares de educ. infantil 2/3 anos Escola Infantil Raiola  
Alumnado de 2 a 3 anos da Escola Infantil Raiola

## Mamacabra – 13 – NADAL 2005

### 2. ACTUACIÓN MUSICAL INFANTIL CON

#### MAMACABRA

“Tan só con leres un libro ”

**DATA:** Venres, 16 de decembro de 2005

**Lugar:** Sede da Fundación Caixa Galicia (Rúa do Vilar 19)

**HORA:** 18 horas

**ENTRADA:** Libre e de balde

**INFORMACIÓN:** Concello de Santiago de Compostela. Departamento de Educación e Mocidade. Tfno: 981 55 44 00

O grupo de música infantil Mamacabra está formado por cinco músicos: batería, frautas e gaita, baixo eléctrico, guitarra eléctrica e voz.

Para facer o seu repertorio baseáanse en poemas de: Gloria Sánchez, Ana María Fernández, Concha Blanco, Antonio García Teijeiro, etc., aínda que tamén teñen cancións propias ou temas que adaptan do noso folclore.

Nas actuacións buscan a participación dos nenos e nenas, propoñendo xogos como: imitar os xestos, facer acompañamentos rítmicos sinxelos, repetir un pequeno retro uso,..., e rematan presentando os instrumentos que empregan dunha maneira lúdica e divertida. Actualmente teñen tres traballos publicados, un é CANTOS RODADOS que consta dun libro xigante, un CD con dez cancións e un vídeo; CANTANDO CANTANDO, un almanaque musical que propón unha canción para cada mes do ano escolar, editados os dous en Primerapersona de A Coruña e TAN SÓ CON LERES UN LIBRO un CD Rom con cancións, fichas, ilustracións para colorear, partituras, etc., dirixido tamén ao eido educativo. Este CD Rom está editado por Discmedi de Barcelona.

O espectáculo “Tan só con leres un libro ” que este día presentan, inclúe as cancións recollidas no Cd -rom didáctico -musical. A idea é que a música sirva de escusa para aprender vocabulario, poesías, rimas, expresión instrumental, música popular, acompañamento rítmico, etc. sempre dende un enfoque lúdico, divertido e sobre todo participativo.

## Toulouse Lautrec – 14 – NADAL 2005

### 3. “DESEÑADORES PARA UN MITO. HOMENAXE A TOULOUSE LAUTREC”

Actividades didácticas arredor da exposición

**DATAS:** Do 16 de novembro de 2005 ao 8 de novembro de 2006.

**LUGAR:** Pazo de Fonseca.

**HORARIO DE VISITAS:**

Para escolares:

• De martes a venres, de 9:30 h. a 13:30 h. e de 15:30 a 17:30 h.

Para grupos organizados:

• De martes a venres, de 17:00 h. a 20:30 h.

• Sábados, de 11:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 20:30 h.

• Domingos, de 11:00 h. a 14:00 h.

Horario de Nadal:

• Días 24, 25 e 31 de decembro de 2005, e 1 de xaneiro de 2006, aberto de 11:00 h. a 14:00 h.

• Día 6 de xaneiro de 2006, de 11:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 20:30h.

Destinatarios das actividades didácticas:

• Alumnado: terceiro ciclo de primaria e educación secundaria.

• Grupos organizados de, como mínimo, 10 persoas (previa reserva).

A colaboración estable entre a Fundación “La Caixa” e o Concello de Santiago de Compostela, conxuntamente co Vicerrectorado de Extensión Cultural da Universidade, inicia as actividades deste curso 2005 -2006, coa realización da exposición sobre “Deseñadores para un mito. Homenaxe a Toulouse -Lautrec”.

Esta proposta pretende homenaxear a Henri de Toulouse -Lautrec que foi, indubablemente, un dos grandes artistas do século XIX nun terreo tan difícil, pola súa interacción coa realidade das rúas, como é o cartel, a través do que actuou como cronista dunha época nacida ao frenético compás dun cambio de século que traería novos e revolucionarios inventos pero, así mesmo, dúas grandes guerras.

Cen anos depois da súa morte, Toulouse -Lautrec segue sendo para os creadores do noso tempo un exemplo de sinceridade, liberdade intelectual e innovación. Entre eses creadores, son moitos os deseñadores gráficos que se senten os herdeiros máis directos.

A mostra créase con motivo do centenario da desaparición do artista, momento no que o Clube des Partenaires du Musée Lautrec de Albi, a súa cidade natal, convocou en 2001 aos mellores deseñadores do mundo para que, baixo a dirección de Anthon Beeke, levaran a cabo unha homenaxe ao artista, que cunha brevíssima carreira como cartelista, foi capaz de deixar a súa impronta, revolucionando a linguaxe do cartel.

### 4. EXPOSICIÓN DOS CARTEIS PREMIADOS

#### E FINALISTAS DE 2005

**DATAS:** do 27 de decembro ao 4 de xaneiro.

**LUGAR:** Estadio Multiusos “Fontes do Sar”.

**HORARIO:** de 17 a 21 h.

Máis de tres mil nenos e nenas de educación infantil e primaria participaron na convocatoria deste ano. Ao longo destes días podedes gozar da creatividade e beleza dos traballos presentados ao concurso que, cada ano, son boa mostra da existencia dunha cidade viva e participativa e, cada vez, máis educadora.

#### exposición de carteis – 15 – NADAL 2005

David Liste Vázquez, 9 anos, Colexio de Vite

A Fundación “La Caixa” adquiriu un xogo deses carteis, obras impresas que serven de magnífico exemplo das distintas tendencias do deseño gráfico actual. De entre eles, e para esta exposición, seleccionáronse sesenta que se presentarán ao público por primeira vez en Galicia.

Estas sesenta obras exhibense xunto a fotografías de Toulouse -Lautrec e reproducións dos seus carteis que serven de contexto ás creacións dos deseñadores

contemporáneos, pois lles serviron de referencia.

Para o aproveitamento didáctico da exposición están deseñadas unha serie de propostas e actividades dirixidas por monitores do servizo de Educación do Concello de Santiago. Poderás participar nelas se formas parte dun centro escolar ou grupo organizado.

**Información:**

• Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago (Rúa do Vilar nº 13, 1º). Telf: 981 55 44 00/ 55 00 01 e fax 981 57 15 11.

## **5. REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAI:**

### **PROGRAMA DE ACTIVIDADES**

**DATAS:** Dende o 18 de decembro ata o 2 de xaneiro

**LUGAR:** Rede de Centros Socioculturais

**ACTIVIDADES:** Visita de Papá Noel e Paxes Reais aos Centros Socioculturais

#### **PAPÁ NOEL**

CENTRO-LOCAL DATA HORA REFERENCIA

CSC A GRACIA Domingo 18 12.00 h ZONA NORTE

LSC GUADALUPE Luns 19 18.00 h ZONA NORTE

LSC AS CANCELAS Luns 19 19.30 h ZONA NORTE

CSC PONTEPEDRIÑA Martes 20 18.00 h ZONA SUR

CSC VITE Martes 20 18.30 h ZONA NORTE

LSC VISTA ALEGRE . Martes 20 18.30 h ZONA NORTE

CSC CASA AGRARIA Martes 20 19.30 h ZONA NORTE

LSC G.CARDEAL QUIROGA Martes 20 19.30 h ZONA SUR

LSC CESAR Mércores 21 13.00 h ZONA SUR

CSC DO ROMANO Mércores 21 17.00 h ZONA NORTE

LSC VILLESTRO Mércores 21 19.00.h ZONA SUR

LSC BUSTO Xoves 22 13.30 h ZONA NORTE

LSC BANDO Xoves 22 17.00 h ZONA SUR

LSC MARANTES Xoves 22 17.00 h ZONA NORTE

LSC A ROCHA Xoves 22 17.00 h ZONA SUR

LSC A CHOUPANA Xoves 22 18.00 h ZONA SUR

LSC EIXOBORNAIS Xoves 22 18.30 h ZONA SUR

LSC BERDÍA Xoves 22 18.30 h ZONA NORTE

CSC CONXO Xoves 22 19.30 h ZONA SUR

CSC AMIO Xoves 22 19.30 h ZONA NORTE

LSC LAVACOLLA Venres 23 13.00 h (colexio) ZONA SUR

LSC S. XULIÁN DE CARBALLAL Venres 23 18.00 h ZONA SUR

LSC DE VISO Venres 23 18.00 h ZONA SUR

LSC ALMÁCIGA Venres 23 18.00 h ZONA NORTE

CSC DE SAR Venres 23 18.30 h ZONA SUR

CSC A TRISCA Venres 23 18.30 h ZONA NORTE

LSC ZONA MONUMENTAL Venres 23 19.00 h ZONA NORTE

LSC CASTIÑEIRIÑO Venres 23 19.00 h ZONA SUR

CSC VIDÁN Venres 23 19.30 h ZONA SUR

LSC S. LOURENZO Venres 23 20.00 h ——— NORTE

#### **PAXES REAIS**

CENTRO/LOCAL DATA HORA

LSC ARINS Luns 26 12.00 h

LSC LAMASCAL Luns 26 12.00 h

LSC MARROZOS Luns 26 17.00 h

LSC PEREGRINA Luns 26 17.00 h

LSC FIGUEIRAS Martes 27 12.00 h

LSC GRIXOA Martes 27 12.00 h

LSC LARAÑO Martes 27 17.30 h

LSC NEMENZO Martes 27 17.30 h

CSC ENFESTA Mércores 28 13.00 h

CSC FONTIÑAS Mércores 28 19.00 h centros socioculturais —

16 —

NADAL 2005

## **6. VI CONCURSO DE BELÉNS**

**DESTINATARIOS:** poderán participar neste concurso todos/as aqueles/as veciños/

as que o dexesen.

**PAZO DE INSCRICIÓN:** do 28 de novembro ata o 12 de decembro de 2005.

**LUGAR DE INSCRICIÓN:** faranse a través do Rexistro Xeral do Concello, de acordo co modelo de solicitude que se facilita nos centros socioculturais.

**CARACTERÍSTICAS:** os Beléns que se presenten deberán ser realizados por rapaces ata os 16 anos, con materiais sinxelos (de refugallo, plastilina, barro, papel,...).

Non poderá empregarse acivro nin musgo natural. A súa elaboración levarase a cabo nos centros socioculturais ou locais sociais e as súas medidas serán de 2 x 4 metros, aproximadamente.

Os centros socioculturais estarán obrigados a enviar unha foto dixital do Belén ao CSC de Vite.

**PREMIOS:** os premios do concurso consistirán en libros de lectura, xogos e/ou material informático por importe de:

1º Premio - 300,51 euros

2º Premio - 180,30 euros

3º Premio - 90,15 euros

**EXPOSICIÓN:** os traballos estarán expostos desde o 19 ata o 23 de decembro, datas nas que o xurado visitará os beléns participantes. O traballo gañador farase público na primeira quincena de xaneiro de 2006.

**XURADO:** estará formado polo concelleira delegada de centros socioculturais e polas persoas asignadas por ela.

**INFORMACIÓN:**

C.S.C. JOSÉ SARMAGO, DE VITE

TELF.: 981 542 490

C.S.C. AURELIO AGUIRRE, DE CONXO

TELF: 981 528 740

C.S.C. AS FONTIÑAS

TELF.: 981 528 750

C.S.C. A TRISCA

TELF: 981 543 191

## concurso de beléns – 17 – NADAL 2005

Cristopher Bugallo Sexto, 11 anos,  
C. Nosa Señora dos Remedios

## nadalxogo – 18 – NADAL 2005

### 7. NADALXOGO 2005

**INAUGURACIÓN:** 27 de decembro, ás 18 horas.

**DATAS:** do 27 de decembro ao 4 de xaneiro.

**LUGAR:** Edificio Multiusos Fontes do Sar.

**HORARIO:** todos os días de 17 a 21 h, agás o día 31 de decembro.

**ENTRADA:** 2 euros para os nenos/as de catro a dezaseis anos (adultos de balde).

**DESTINATARIOS:** nenos/as e mozos/as de 2 a 16 anos.

O martes 27 de decembro é o día escollido para que, un ano máis, o PROGRAMA NADALXOGO volva irrumpir na cidade cunha ambiciosa oferta de obradoiros, teatro, contacontos, deportes ..., que permitirán que todo o público infantil e xuvenil goce do Nadal. Todos os días, agás o 31 de decembro, o Multiúsos de Sar abrirá as súas portas en horario de 17,00 a 21,00 horas a un mundo de ilusión, no que as familias compostelás atoparán un espazo ideal onde compartir estas singulares festas.

#### ESPAZO PARA OS MÁIS PEQUENOS

Ao igual que todos os anos queremos dedicar unha oferta específica para o tramo de idade de 2 a 5 anos, non só cun espazo específico senón tamén cun programa de actividades especialmente pensado para eles: taller de plástica, aparellos de xogo, parque infantil de tráfico...

#### ACTIVIDADES LÚDICO-RECREATIVAS

?Carusel de cabaliños

?Pista de coches de choque

?Inchables para pequenos e mozos

?Tren da bruxa

## **OBRADOIROS**

?Cestería

?Gomaespuma

?Maxia

?Plástica

?Encademación

?Scalextric

?Globoflexia

## **ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

?Rochódromo

?Tenis de Mesa

?Esgrima

?Bádminton

?Camas elásticas

## **ESPAZO INFANTIL**

?Parque de educación viaria

?Espazo para nais e pais

?Xogos diversos

?Zona de cambio de cueiros

## **SALÓN DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL**

Espazo para o encontro arredor da lectura e o teatro, que combinan a intervención lúdica coa educativa.

As actividades previstas son:

- Actuacións musicais
- Sesión de contacontos
- Talleres

Sesións ás 18:00 e ás 19:30 h.

**Salón do Libro Infantil e Xuvenil:** Exposición permanente de libros e outros materiais; o rincón da lectura.

## **actividades – 19 – NADAL 2005**

Carlos Barba Iglesias, 5 anos, CEIP Raiña Fabiola

## **actividades – 20 – NADAL 2005**

Xoel Sorribas, 9 anos, CEIP Fontiñas

## **XABARÍN CLUB**

Xabarín Club é o programa infantil -xuvenil da Televisión de Galicia que ao longo dos once anos de emisión conta con máis de 85.000 socio menores de 18 anos e que ten atendido máis de 113.000 solicitudes de afiliación. Este personaxe identificado como un porco bravo foi creado polo debuxante galego Miguel Anxo Prado.



### ?XAB Astand.

Neste espazo, o rapaces e rapazas ata 18 anos poderán facerse socios gratuitamente. Tamén poderás renovar o teu camé.

### ?Obradoiro “A debuxar con Xabarín”.

Cada rapaz e rapaza poderá facer un debuxo da mascota do club, dos personaxes das series de debuxos animados ou de calquera outra cousa que vexades na televisión. Os debuxos dos socios/as serán emitidos por TVG. Contaredes cunha monitora e con todo o material necesario para poder levar a cabo este obradoiro.

### ?Proxección dos videoclip con karaoke “A cantar con Xabarín”.

Durante estes días haberá proxección continuada de todos os videoclip orixinais de “A cantar con Xabarín” con Karaoke en galego para poder seguir as letras das cancións.

### ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS

Todos os días NADAL XOGO vainos sorprenden con novidades que farán a ledicia dos asistentes.

corais – 21 – NADAL 2005

## 8. FESTIVAL DE CORAIS DE SANTIAGO

### VII EDICIÓN «CANCÍONS DO NADAL»

**DATAS:** 28, 29 e 30 de decembro

**LUGAR:** Auditorio de Galicia

**ENTRADA:** de balde

**HORA:** ás 19,45 horas

Con este Festival dase a coñecer o importante labor que están a desen volver as diversas agrupacións corais do municipio de Santiago.

Adrián Torres Presedo, 5 anos, CEIP Vite

corais – 22 – NADAL 2005

## 9. FESTA SOLIDARIA

**DATAS:** 28 de decembro e 7 de xaneiro

**HORA:** 17,00 a 20,30 horas

Con esta festa solidaria preténdese concienciar a todos os nenos/as da Rede de Centros Socioculturais, da importancia que ten coñecer as características dun mercado solidario e uns hábitos de consumo responsable.

Para isto contaremos coa colaboración da Asociación Panxea, que nos contará como funciona a súa Asociación e por qué e para qué foi creada. Tamén disfrutaremos de moitas actividades de sensibilización sobre o comercio xusto, dunha chocolatada con produtos da súa tenda e moitas sorpresas.

Alumnado de 5 anos “B” do CEIP Monte dos Postes

premios vagalume – 23 – NADAL 2005

## 10. XIII EDICIÓN DOS PREMIOS VAGALUME

### ACTO DE RECOÑECIMENTO DOS GALARDOADOS

**DATA:** Mércores, 21 de decembro

**LUGAR:** Salón Nobre da Casa do Concello

**HORA:** 20,00 h

Este premio outórgase, dende 1993, como recoñecemento do traballo de colectivos ou de persoas individuais que desenvolven as súas actividades

cunha clara vocación social. Poden presentar candidaturas todas as asociacións, entidades e institucións que realizan o seu traballo no municipio de Santiago de Compostela.

O acto, presidido polo Alcalde de Santiago, contará cos galardonados deste ano, aos que se entregará a insignia e o diploma deste premio.

**PREMIO COLECTIVO (compartido):**

?ao Centro de Traballo e Cultura de Cáritas Inter parroquial, pola súa traxectoria no ámbito da problemática do emprego e a inmigración, apoiando a inserción socio -laboral de persoas en risco de exclusión social, organizando xomadas, foros e acollendo e asesorando inmigrantes e emigrantes retomados.

?a ASPANAES (A asociación de pais de persoas con trastornos do espectro autista), polo labor social que realiza desde 1979 na atención e educación de persoas con TE A (Transtornos do E spectro A utista), mediante a creación de centros de educación e de formación q ue traballan para integrar e favorecer o seu desenvolvemento persoal mediante unha maior autonomía e competencia persoal e social e, a súa capacitación e integración no entomo laboral.

**PREMIO INDIVIDUAL:**

?a don Agustín Bueno Rodríguez pola súa incasábel actividade dende hai máis de 30 anos e a profunda vinculación, compromiso e traxectoria ligada ao movemento asociativo veciñal na cidade de Santiago de Compostela.

## **11. OFRENDA AO APÓSTOLO SANTIAGO NA FESTIVIDADE DA TRASLACIÓN**

**DATA:** 30 de decembro

**LUGAR:** Catedral de Santiago

**HORARIO DA MISA:** 12,00 h

### **ofrenda – 24 – NADAL 2005**

Victor Iglesias Noya, 9 anos  
Lucía Grella Figueiras, 8 anos  
Lucía Pastrana García, 9 anos  
Colexio A Miragrosa

### **obradoiros – 25 – NADAL 2005**

## **12. OBRADOIROS DE NADAL NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE CONXO**

**DESTINATARIOS:** Nenos/as de 3 a 6 anos

**DATAS:** Do 23 de decembro ao 5 de xaneiro, ambos incluídos

**HORARIO:** De 10,00 a 14,00 h. de luns a venres. Posibilidade de:

?Complementar horas:

- A Imorzo de 8,00 a 9,00 horas
- Xantar de 14,00 a 15,00 h.
- Horas soltas: de 8,00 a 9,00 h.  
de 9,00 a 10,00 h.  
de 15,00 a 16,00 h.

?Días soltos.

**PREZOS:**

- De 10,00a 14,00 h. : 12 € por día
- A Imorzo: 2 € por día
- Xantar: 5 € por día
- Hora solta: 3 €

**PROGRAMA DE ACTIVIDADES:**

?Venres 23: **Obradoiro creativo** de Postais de Nadal.

?Luns 26: **Obradoiro de cociña**: “Especial doces de Nadal”. Elaboración e degustación de mazapáns.

?Martes 27: **Obradoiro de Collages**, traballaremos todos xuntos na creación dunha “orixinal obra de arte”.

?Mércores 28: Aproveitando o material de refugallo **elaboramos** os nosos propios **xoguetes**.

?Xoves 29: **Teatro de Nadal**, pequena representación do conto “O neno que naceu en Belén”. Elaboración de vestuario, reparto de papeis e ... a divertirse!

?Venres 30: **Obradoiro rítmico-musical**. Empregando a imaxinación creamos instrumentos musicais e inventamos a nosa propia panxoliña.

?Luns 2: **Obradoiro creativo** de figuriñas de Nadal.

?Martes 3: **Obradoiro de cociña**, elaboración e degustación das “Pastas de Neve”.

?Mércores 4: **Adiviñas, contos** contados e outras historias.

?Xoves 5: **Elaboración** de divertidos **xoguetes**, con poucos materiais e un chisco de imaxinación.

## auditorio – 26 – NADAL 2005

Antía Vázquez Franqueiro, 5 anos, C. Xuventude

### 13. AUDITORIO DE GALICIA

**DATAS:** 15, 17, 21 e 22 de decembro e 5 de xaneiro

**LUGAR:** Auditorio de Galicia

**Xoves, 15 de decembro**

Entrada: 9 Euros, estudantes e xubilados 50% de desconto  
ás 21:00 h. CONCERTO DE ABONO

?**Real Filharmonía de Galicia**

Manuel Valdivieso, director

Pablo Mainetti, bandoneón

Luis Vidal, piano

Horacio Fumero, contrabaixo

Repertorio: Milhaud, Saudades do Brasil (Suite); e Piazzola, Concerto para bandoneón, “A cconcagua” e Tangos.

**Sábado, 17 de decembro**

Entrada: 9 Euros, estudantes e xubilados 50% de desconto, menores de 14 anos  
entrada libre

ás 21:00 h. CONCERTOS FAMILIARES

?**Real Filharmonía de Galicia**

Manuel Valdivieso, director

Pablo Mainetti, bandoneón

Luis Vidal, piano

Horacio Fumero, contrabaixo

Repertorio: Piazzola, Concerto para bandoneón, “A cconcagua” e Tangos.

**Mércores, 21 de decembro**

ás 20:30 h. INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN CUARTO PREMIO AUDITORIO DE GALICIA NOVOS ARTISTAS 2005

## teatro principal – 27 – NADAL 2005

**Xoves, 22 de decembro**

Entrada: 12 Euros, estudantes e xubilados 50% de desconto  
ás 21:00 h. CONCERTO DE ABONO

?**Real Filharmonía de Galicia**

Antoni Ros Marbà, director

Joan Rodgers, soprano

Hilary Summers, contralto

Agustín Prunell Friend, tenor  
David Wilson-Johnson, barítono  
Cor de Cambra del Palau de la Música  
Repertorio: Haendel, O Mesias  
**Xoves, 5 de xaneiro**  
ás 21:00 h. CONCERTO DE REIS  
Entrada: 9 Euros, estudantes e xubilados 50% de desconto

#### **?Real Filharmonía de Galicia**

Alexander Anissimov, director  
Repertorio: Obras de Rossini, Chaikovski, Shostakovich e Mussorgski.  
EXPOSICIÓN  
Cuarto Premio Auditorio de Galicia Novos Artistas 2005  
Producción: Concellaría de Cultura  
Do 21 de decembro a febreiro 2006

## **14. TEATRO PRINCIPAL**

### **?Día 15, 21.00 h. (En convenio co IGAEM).**

Teatro: MOFA E BEFA: "Cultura para dar e tomar" de Alfonso Kkmo, Carlos Santiago, Víctor Mosqueira e Evaristo Calvo. Con Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Piti Sanz. Dirección: Mofa e Befá.  
Entrada: 6 €, 4,8 €, 3 €  
Lara Barbeito Figueira, 3 anos, CEIP Quiroga Palacios

## **teatro principal – 28 – NADAL 2005**

### **?Día 17 e 18, 21.00 h.**

Teatro: OS TRABALINGUAS: "O labirinto dos soños" de Pepe Sendón (musical de pequeno formato para todos os públicos): Pepe Sendón, voz e batería, Marcos Teira guitarra e voz, Xavier Olite baixo e voz, Música Fran Pérez.  
Dirixe Pepe Sendón.  
Entrada: 6 €, 4,8 €, 3 €

### **?Día 18, 12.00 h.**

Concerto Banda Municipal de Música.  
Entrada: de balde.

### **?Día 20, 21.00 h.**

V Festival de Zarzuela de Santiago de Compostela  
Dante Alcalá tenor  
Rubén Fernández Aguirre piano  
Canción mexicana e Romanzas de zarzuela  
Moreno Torroba, Guerrero, Luna, Guridi, Penella ...  
(Patrocina: Fundación Caixa Galicia).  
Entrada: 6 €

### **?Día 21**

Aula de teatro da USC: "O velorio de Pat O'Connor" (pequeno divertimento) escrita por Roberto Salgueiro a partir do texto de N. Bela "Os cravos de prata". Dirección: Roberto Salgueiro.  
Entrada: de balde.

### **?Día 22, 16.00 h.**

Estudio, Escola de Música. Festival do Nadal.  
Entrada: de balde.

### **?Día 23, 21.00 h.**

Estrea: Redondeo. Dirección Pablo Iglesias. Producción Ciudadano Frame.  
Con Oscar Jaenada e Marcos PTT.  
Entrada: de balde.

### **?Día 27, 21.00 h.**

V Festival de Zarzuela de Santiago de Compostela  
Felipe Bou baixo  
Kennedy Moretti piano  
O Quixote e Romanzas de Zarzuela

Ravel, Ibert, Massenet, Verdi, Gomes, Vives e Sorozábal  
(Patrocina: Fundación Caixa Galicia).

Entrada: 6 €

**?Día 29, 21.00 h.**

V Festival de Zarzuela de Santiago de Compostela

Isabel Monar soprano

Rubén Fernández Aguirre piano

Da ópera barroca á zarzuela

Nebra, Martín y Soler, Guridi, Chapí, Barbieri ...

(Patrocina: Fundación Caixa Galicia).

Entrada: 6 €

escola municipal – 29 – NADAL 2005

## 15. ESCOLA MUNICIPAL

### DE MÚSICA DE SANTIAGO

A Escola Municipal de Música quere integrarse na rede sociocultural da cidade fomentando a educación musical e a práctica da música desde a primeira infancia. Con este obxectivo vimos programando, cada vez con máis frecuencia, actuacións públicas en diferentes ocasións e lugares da cidade.

#### Información

Escola Municipal de Música

Rúa Betanzos, 55. Tfno: 981 570 748

emmc@yazzfree.com

Marta Martín ez Santomil, 7 anos, CEIP de Roxos

cabalgata – 30 – NADAL 2005

## 16. CABALGATA DE REIS

**DATA:** 5 de xaneiro.

**INICIO DA CABALGATA:** 17:30 h. Dende a Estación de Ferrocarril de Santiago.

**ITINERARIO:** saída da Estación de Ferrocarril de Santiago, Romero Donallo, Santiago de Chile, Frei Rosendo Salvador, praza Roxa, República do Salvador, Hóreo, praza de Galicia, rúa da Senra, porta Faxeira, rúa do Vilar, praza das Praterías, Fonseca e praza do Obradoiro (Casa do Concello).

Ás cinco e media da tarde os nenos e nenas, a Corporación Municipal e a Banda de Música recibirán na Estación de Ferrocarril ás SS.MM. os Reis Magos, que virán acompañados por unha salva de bombas para anunciar a súa chegada a Compostela.

A cabalgata percorrerá a cidade encabezada pola Banda de Música de Santiago e outras agrupacións musicais, a sección motorizada da Policía Municipal, seguida do séquito dos tres Reis Magos e as carrozas que anteceden ás de Melchor, Gaspar e Baltasar, así como outras dúas carrozas de fantasía. Non faltará a animación, con pasarrúas e caramelos para todos.

No Pazo de Raxoi, os Reis atenderán todas as solicitudes dos nenos e nenas e despois, en compañía do Alcalde, saudarannos desde o balcón do Concello, desexándonos que teñamos moitas sorpresas ao día seguinte.

Brais Doval Pazos, 11 anos, 6º curso, CEIP Roxos-Villestro

ilustracións – 31 – NADAL 2005

#### PORTADA

**Alumnos do obradoiro de arte,** Escola Infantil de Conxo.

#### CONTRAPORTADA

**Alumnos/as de 2 e 3 anos,** da Escola infantil Raiola

## **ILUSTRACIONES INTERIORES**

**Terceiro accesit:** Ana M<sup>a</sup> Fandiño Argibay, 11 anos, CEIP Colexiata de Sar.

**Segundo accesit:** Laura Rial Pena, Tomás Agustín Tubán Prego, Germán Vázquez Rodríguez, 11 anos, CEIP A. Casas Novoa.

**Primeiro accesit:** Juan Connolly Pérez, 10 anos, C. A Inmaculada.

E.I. 4 anos

CEIP Monte dos Postes

## **ilustracións – 32 – NADAL 2005**

### **OUTRAS ILUSTRACIONES INTERIORES**

Alumnado de 2 a 3 anos Escola Infantil Raiola

Alumnado de 5 anos “B” CEIP Monte dos Postes

Cristopher Bugallo Sexto C. Nosa Señora dos Remedios

Carlos Barba Iglesias CEIP Raiña Fabiola

Adrián Torres Presedo CEIP Vite

Erika Brenlla Carballo CEIP Ramón Cabanillas

Antía Vázquez Franqueiro C. Xuventude

Victor Iglesias Noya Colexio A Miragrosa

Lucía Grela Figueiras

Lucía Pastrana García

Xoel Soribas CEIP Fontiñas

Lara Barbeito Figueira CEIP Quiroga Palacios

Brais Doval Pazos CEIP RoxosVilvestro

E.I. 4 anos, CEIP Monte dos Postes

David Liste Vázquez Colexio de Vite

Marta Martínez Santomil CEIP de Roxos

Agradecemos a colaboración do profesorado e dos escolares que participaron na elaboración do cartel e do programa das Festas do Nadal 2005.

Tamén agradecemos a colaboración de aquelas entidades e institucións que fan posible a realización deste programa de actividades.

Calquera información complementaria sobre este programa de actividades pode solicitarse en:

981 - 554 400 (Departamento de Educación e Mocidade)

981 - 528 730 (Departamento de Deportes)

981 - 542 490 (Centros Socioculturais)

981 - 528 700 (Teatro Principal)

981 - 573 855 (Auditorio de Galicia)

981 - 568 160 (Multiusos de Sar)